

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Decreto 137/1992, do 5 de xuño, polo que se modifica o artigo cuarto do Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, que regula a concesión da Medalla de Galicia.

O elevado número de candidatos que se veñen propondo para a concesión da Medalla de Galicia por moi diversos sectores da sociedade galega, así como por parte das comunidades galegas asentadas fóra do territorio da Comunidade Autónoma e que teñen, en moitos supostos, os méritos suficientes requiridos para ser galardoados con tan importante distinción, aconsella ampliar-lo número máximo de medallas que se outorgarán anualmente nas categorías de prata e bronce.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo único.—Queda modificado o artigo cuarto do Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia, dándosele ó mesmo a redacción seguinte:

«Anualmente poderanse conceder, como máximo, unha Medalla de Galicia na súa categoría de ouro, oito de prata e catorce de bronce. Non se computarán, neste número, as Medallas de Galicia que se outorguen, se é o caso, por razóns de cortesía ou reciprocidade».

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Decreto 138/1992, do 5 de xuño, polo que se crean institutos de educación secundaria e profesional en Neda, Oleiros, Lugo, Baiona e Vilagarcía de Arousa.

Dada a demanda de postos escolares, faise preciso crea-los centros docentes necesarios para atendela, polo que, tendo en conta as necesidades escolares, a máis racional distribución de ensinanzas e as características

das zonas, se procede a crear nas localidades que se sinalan os correspondentes institutos de educación secundaria e profesional.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.—Créanse os institutos de educación secundaria e profesional seguintes:

1.—Neda, provincia da Coruña, IESP con capacidade para 640 postos escolares.

2.—Oleiros, provincia da Coruña, IESP con capacidade para 960 postos escolares.

3.—Lugo, IESP con capacidade para 840 postos escolares.

4.—Baiona, provincia de Pontevedra, IESP con capacidade para 640 postos escolares.

5.—Vilagarcía de Arousa, provincia de Pontevedra, IESP con capacidade para 960 postos escolares.

Artigo segundo.—A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas necesarias para o mellor cumprimento do anteriormente sinalado e determinará os cadros de persoal docente, administrativo e subalterno necesarios para o máis eficaz desenvolvemento das actividades docentes.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Decreto 139/1992, do 5 de xuño, polo que se declara parque natural o complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira - A Coruña).

O complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, situado na península do Barbanza, é un lugar privilexiado desde o punto de vista ecolóxico e xeomorfolóxico. Se, por un lado, o seu papel como área de descanso de aves migratorias durante o paso e a inverna é moi importante, non o son menos as súas formacións lacustres e o seu sistema dunar, único en toda a xeografía galega.

Os recursos naturais deste espazo requiren unha ordenación que se regula a través do correspondente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais elaborado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, todo isto co obxecto de salvagardar os valores naturais deste espazo dos impactos negativos que puideran degradar a calidade do contorno.

Para harmonizarlo disfrute, visita e estudo destes lugares e o aproveitamento dos seus recursos naturais de forma compatible coa conservación dos valores ecolóxicos e paisaxísticos do espazo establécese esta normativa, que garante a súa persistencia.

Por estas razóns, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e logo de deliberación do Consello de Goberno, na súa reunión do día 5 de xuño de 1992,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A finalidade do presente decreto é o establecemento dun réxime xurídico especial de protección para o espazo denominado «complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán», mediante a súa declaración como parque natural, de acordo co establecido nos artigos 13 e concordantes da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

Este réxime xurídico especial oriéntase á protección e conservación dunha área natural, pouco transformada pola explotación e ocupación humana, en razón á beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas, e a singularidade da súa flora, da súa fauna e das súas formacións xeomorfolóxicas.

Artigo 2º

1. O parque do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, situado no termo municipal de Ribeira, ocupa unha superficie de 996,25 ha os seus límites son os que a continuación se describen:

Norte. Vila de Corrubedo e estrada de acceso a esta desde Artes.

Sur. Camiño que une a parroquia de Vilar con Liboia Punta Corbeiro.

Leste. Camiño que comunica as parroquias de Artes e Vilar.

Oeste. Océano Atlántico.

2. Non obstante o disposto no artigo anterior, a Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poderá incorporar ó parque outros terreos estremeiros que reúnan as características adecuadas para isto, en calquera dos seguintes supostos:

- a) Que sexan propiedade do Estado, logo da conformidade deste.
- b) Que sexan propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que sexan aportados voluntariamente polos titulares para tal efecto.
- d) Que se consideren apropiados para mellorar e garantir a conservación do espazo natural.

3. A declaración do espazo natural como protexido leva parellada a de utilidade pública, para efectos expropiatorios dos bens e dereitos afectados.

4. Á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle o exercicio dos dereitos de tanteo e retracto en tódalas transmisións onerosas inter vivos de terreos situados no interior do parque.

Para os efectos do exercicio de ditos dereitos polo transmitente, notificaranse fidedignamente á Administración actuante as condicións esenciais da transmisión pretendida e, se é o caso, copia fidedigna da escritura pública na que fora instrumentada a citada transmisión. O dereito de tanteo exercerase no prazo de tres meses e o de retracto no de un ano, ámbolos dous contados desde a correspondente notificación, que deberá efectuarse en todo caso e será requisito necesario para inscribi-la transmisión no Rexistro da Propiedade.

5. Sen prexuízo do anterior, o Consello da Xunta de Galicia autorizará permutas de terreos propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia e os organismos dependentes dela por outros situados no interior do espazo protexido ou na súa periferia, por iniciativa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e de acordo co disposto na Lei de patrimonio, logo de informe da xunta rectora do parque natural, á que fan referencia os artigos 6º e 7º do presente decreto.

Artigo 3º

1. Para evitar actividades e aproveitamentos que, directa ou indirectamente, produzan perda dos valores naturais ou paisaxísticos do espazo en cuestión, toda actuación que se pretenda realizar dentro da área protexida, con independencia dos trámites regulamentarios que procedan, deberá ser aprobada e supervisada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de informe da xunta rectora.

2. A aprobación a que fai referencia o apartado anterior condicionarase á previa realización dun estudo sobre a incidencia ambiental da actividade proposta.

3. O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e o Plan Rector de Uso e Xestión a que se fai referencia nos artigos 4º e 5º deste decreto regularán os usos dos recursos naturais, as actividades e actuacións de todo tipo que incidan ou poidan incidir neles, así como o destino das instalacións existentes.

4. Serán obxecto de protección especial as actividades gandeiras e forestais que contribúan ó mantemento dos equilibrios ecolóxicos esenciais.

5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores e no desenvolvemento ulterior do Plan Rector do Uso e Xestión en todo o ámbito do Parque Natural non se poderá realizar:

a) A introducción no Parque Natural de especies animais e vexetais e en especial das exóticas susceptibles de asilvestrarse, salvo nos casos expresamente autorizados.

b) Vertidos contaminantes nas augas da zona.

c) Os vertidos de lixo, entullo e residuos sólidos en xeral. Con carácter xeral prohibese o establecemento de calquera tipo de vertedoiro de lixo no interior do parque.

d) O uso do lume sen control ou autorización previa, ou fóra dos lugares expresamente sinalizados.

e) A circulación con medios motorizados e vehículos fóra das carreteras, pistas e itinerarios permitidos, excepto naqueles con autorización específica.

f) A acampada fóra da área destinada para isto.

g) As actividades económicas extractivas, especialmente extracción de area.

h) As actividades cinexéticas ou de pesca en augas continentais.

i) As actividades publicitarias de carácter comercial, carteis, anuncios e similares, que non se axusten á normativa específica que regule a dita actividade no parque.

j) Toda aquela actividade urbanística que non contemple as directrices expresadas no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

k) O establecemento de puntos de venda, venda ambulante e toda actividade comercial, exceptuándose aquelas autorizadas no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

l) A extracción ou alteración de calquera obxecto arqueolóxico ou histórico sen autorización.

m) A aterraxe e vo á baixa na área do parque, salvo en casos de emerxencia.

n) A práctica do tiro ó prato, o uso de escopetas de aire comprimido e todo tipo de armas.

ñ) Tirar cabichas, latas, botellas, plásticos ou calquera obxecto, así como o abandono de calquera artefacto dentro do recinto do parque.

o) O emprego de megáfonos e calquera aparello ou instrumento de volume tal que perturbe a tranquilidade do parque.

p) A creación de infraestructuras non contempladas no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

Artigo 4º

1. O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán é o instrumento principal de planificación do espazo natural, e as súas disposicións constitúen un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.

Artigo 5º

1. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes confeccionará un Plan Rector de Uso e Xestión que, logo de informe da xunta rectora, será aprobado pola dita consellería.

A aprobación definitiva será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O dito Plan Rector terá unha vixencia de cinco anos, debendo revisarse ó rematar este prazo, ou antes, se fora necesario, e incluirá:

a) As directrices específicas de ordenación e uso do parque natural.

b) As normas de xestión e as actuacións necesarias para a conservación e protección dos seus valores naturais e para garanti-lo cumprimento das finalidades de investigación e interpretación dos fenómenos naturais, educación no coñecemento da natureza, así como uso e desfrute polos visitantes.

c) As normas oportunas para a utilización racional dos recursos naturais e a execución das actuacións precisas para o mantemento do equilibrio ecolóxico e a concesión de subvencións e outros auxilios ás explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e ás actividades científicas, culturais e recreativas que se realizasen no ámbito deste decreto.

3. Todo proxecto de obra, traballo e aproveitamento que non figure no Plan Rector ou nas súas revisións e que se considere necesario realizar deberá ser xustificado debidamente, tendo en conta as directrices daquel, e autorizado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de informe favorable da xunta rectora.

Artigo 6º

1. Créase a xunta rectora do parque do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, que colaborará coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes na xestión e administración do citado espazo natural, prestándolle a asistencia necesaria para o mellor cumprimento das súas funcións.

2. Esta xunta estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: unha persoa de recoñecido prestixio científico ou técnico no ámbito da conservación da natureza e coñecedor do territorio afectado polo parque. Será nomeado polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes por proposta do director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Vicepresidente: un representante do Concello de Ribeira.

Vocais:

—Un representante da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

—Un representante da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

—Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.

—Un representante da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

—Un representante da Secretaría Xeral para o Turismo.

—Un representante dos propietarios dos predios existentes no parque, designado entre eles mesmos.

—Un representante das asociacións, elixido por elas mesmas de entre as que figuren inscritas no Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

—Unha persoa de recoñecida competencia no eido da conservación da natureza, designada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

—O director do Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia.

Así mesmo, poderá incorporarse como vocal un representante da Demarcación de Costas do Estado.

Secretario: o director - conservador a que se fai referencia no artigo 8º deste decreto, que actuará con voz e voto.

Artigo 7º

Son funcións da xunta rectora, ademais de outras especificadas neste decreto:

a) Velar polo cumprimento das normas establecidas e propoñer posibles ampliacións do parque natural.

b) Propoñer normas e elevar propostas para a eficaz defensa dos valores e singularidades do parque natural e realizar cantas xestións considere beneficiosas para este.

c) Informar inicialmente o Plan Rector de Uso e Xestión e as súas revisións, velando polo seu cumprimento.

d) Aprobar inicialmente as memorias anuais de actividades e resultados, que o director - conservador do parque deberá elevar á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

e) Promover estudos, investigacións e actividades educativas e culturais, relacionadas co ámbito ordenado, así como fomentar a súa divulgación.

f) Informar sobre calquera clase de traballos, obras ou aproveitamentos, programas de investimento e plans de investigación que se pretendan realizar, incluídos ou non no Plan Rector.

g) Propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a súa elevación ó Consello de Goberno, a celebración dos convenios e acordos que, para os fins do presente decreto, considere necesario subscribir coa Administración do Estado ou outras Administracións públicas e corporacións.

h) Administra-los fondos e as axudas que outorgue á Xunta Rectora calquera entidade ou particular.

i) Aprobar as súas normas de funcionamento.

Artigo 8º

A xestión e administración do Parque Natural corresponderá a un director - conservador designado polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Artigo 9º

O Concello de Ribeira, que no seu termo municipal ten incluído o parque natural, terá preferencia para a obtención de axudas e subvencións relacionadas coa potenciación do medio natural e que contribúan ó seu desenvolvemento socioeconómico.

Artigo 10º

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes instará a suspensión de toda actividade que non dispoña da autorización preceptiva, non se axuste ás condicións desta ou incumpra as prescricións do presente decreto.

Artigo 11º

A infracción do réxime de protección establecido para o parque ou a non observancia da normativa vixente serán sancionadas de acordo co disposto na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre, ou nas normas que, se é o caso, poidan substituíla e demais disposicións que a teor da natureza da infracción resulten aplicables, e das que se deriven dos Plans de Uso e Xestión que se desenvolvan.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. As actuacións urbanísticas derivadas da lexislación sectorial deberán axustarse ás limitacións establecidas no presente decreto.

Segunda. Os proxectos de presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia incluírán as correspondentes consignacións para atender as actividades e obras de conservación e mellora, traballos de investigación, gastos xerais e cantas actuacións se deriven do presente decreto.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. En canto se aproben as normas de funcionamento da xunta rectora, será de aplicación o previsto no capítulo II do título I da Lei de procedemento administrativo.

Segunda. No prazo de dous meses, a partir da promulgación do presente decreto, deberá quedar constituída a Xunta Rectora do Parque Natural.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior categoría, se opoñan ó disposto no presente decreto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. Facúltase ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para dicta-las disposicións necesarias para desenvolve-lo presente decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria

Resolución do 11 de xuño de 1992, do tribunal número 1 que xulgará o procedemento selectivo para acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, na disciplina de filosofía, pola que se fai pública a data, hora e lugar en que se fará a presentación dos aspirantes e se anuncia tamén a data, hora e lugar en que se celebrará a proba de coñecementos de lingua galega e a primeira parte da proba.

De acordo coa base común 6.2 da orde do 28 de abril de 1992 (DOG do 7 de maio), pola que se convocaban procedementos selectivos para acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas e profesores de escolas oficiais de idiomas, este tribunal número 1 de filosofía acorda o seguinte:

Primeiro.—Acto de presentación dos opositores:

Data: 25 de xuño de 1992.

Hora: 9.30.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.

Segundo.—Realización da proba de coñecementos de lingua galega:

Data: 25 de xuño de 1992.

Hora: 12.00.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.

Terceiro.—Realización da primeira parte da proba:

Data: 29 de xuño de 1992.

Hora: 11.00.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.

Recórdase que, de conformidade co apartado 6.3 da orde do 28 de abril de 1992, a asistencia ó acto de presentación é obrigatoria, decaendo nos seus dereitos os aspirantes que non comparezan.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1992.

O presidente do tribunal
Rubricado

Resolución do 11 de xuño de 1992, do tribunal número 2 que xulgará o procedemento selectivo para acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, na disciplina de filosofía, pola que se fai pública a data, hora e lugar en que se fará a presentación dos aspirantes e se anuncia tamén a data, hora e lugar en que se celebrará a proba de coñecementos de lingua galega e a primeira parte da proba.

De acordo coa base común 6.2 da orde do 28 de abril de 1992 (DOG do 7 de maio), pola que se convocaban procedementos selectivos para acceso ós corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de música e artes escénicas e profesores de escolas oficiais de idiomas, este tribunal número 2 de filosofía acorda o seguinte:

Primeiro.—Acto de presentación dos opositores:

Data: 25 de xuño de 1992.

Hora: 9.30.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.

Segundo.—Realización da proba de coñecementos de lingua galega:

Data: 25 de xuño de 1992.

Hora: 12.00.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.

Terceiro.—Realización da primeira parte da proba:

Data: 29 de xuño de 1992.

Hora: 11.00.

Centro: I.B. San Tomé de Freixeiro de Vigo, r/ Gran Vía, s/n.